

O Parlamento acolle mañá unha sesión pouco habitual para a Comarca de Lemos, pois as dúas iniciativas que leva o PSOE á Comisión Institucional están dirixidas a reclamar servizos para Monforte

Trátase da contrución dunha nova Comisaría de Policía e da eliminación de barreiras arquitectónicas na Sede Sindical

No primeiro dos casos, Vicente Docasar pedirá á Xunta que se dirixa ao Executivo Central para que este asegure o mantemento deste servizo aos veciños da Zona Sur e, no segundo, que garanta ás persoas con mobilidade reducida a accesibilidade a sede dos Sindicatos

MONFORTE DE LEMOS, 5 DE FEBREIRO DE 2015.- A Comisión Institucional do Parlamento de Galicia acollerá mañá venres unha sesión pouco habitual para os intereses dos monfortinos e monfortinas, pois ás dúas propostas ás que ten dereito o Grupo Socialista están referidas a demandas de servizos para os veciños e veciñas deste municipio e da súa comarca. Trátase da construción dunha nova Comisaría de Política en Monforte e da eliminación de barreiras arquitectónicas para acceder ao edificio da Casa Sindical, un edificio que alberga as sedes dos sindicatos UGT, CCOO e CIG.

Ambas as dúas iniciativas serán defendidas polo deputado Vicente Docasar. No primeiro dos casos, o socialista, dado que dende 2009 o concello ten cedidos os correspondentes terreos ao Ministerio de Interior para a execución dunha nova Comisaría, e co fin de evitar riscos innecesarios de futuro, solicitará “un compromiso firme” do Parlamento para que a Xunta se dirixa formalmente ao Goberno Central para dotar a Monforte dun novo edificio.

Deste xeito, reclamará “unha solución definitiva para un tema que leva moitos anos sen solucionarse e sen entrar en qué ubicación é a máis axeitada; é dicir, os terreos de Duquesa de Alba cedidos pola entidade local, as dependencias do centro de sanidade que se atopan na Avenida de Galicia ou calquera outro espazo que as autoridades do Ministerio do Interior consideren axeitadas, xa que o realmente importante é, afirma, o mantemento deste servizo que garante a integridade e seguridade dos veciños e veciñas da Comarca de Lemos e que dá traballo a máis de 50 persoas”.

“Solucionar este problema debe ser unha prioridade para todos os servidores públicos”. Por iso, o socialista agarda contar “co apoio sincero e leal da deputada popular Julia Rodríguez, pois ninguén entendería nas terras de Lemos que unha persoa que aspira a ser alcaldesa de Monforte votara mañá en contra desta iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista”, destaca Docasar.

Accesibilidade da Casa Sindical

Por outra banda, o deputado autonómico pedirá ao Goberno galego que cumpra a normativa vixente e favoreza a accesibilidade ás persoas con mobilidade reducida ao edificio da Casa Sindical, pois estas instalacións de titularidade pública rexistran a diario unha gran afluencia de cidadáns que acuden a estas dependencias para buscar asesoramento xurídico, laboral ou mesmo formativo.

Dito edificio, que foi construído na década dos setenta, albergou, ao longo do tempo, diferentes servizos. Nun primeiro momento, foi a sede do denominado “sindicato vertical”, posteriormente



NOTA DE PRENSA

cámara agraria e INEM e, xa máis recentemente, dende a década dos 90, a sede dos sindicatos antes enumerados, que contan na actualidade con máis de 3.000 persoas afiliadas.

“A normativa en vigor contempla que os edificios públicos deben ser accesibles á cidadanía; unha cuestión que non se cumpre na Casa Sindical de Monforte, pois o edificio conta con insalvables barreiras arquitectónicas para acceder ao seu interior, tanto á pranta baixa como a primeiro e segundo andar. Por iso, facemos esta petición ao Goberno galego”, conclúe o socialista.